





Dumbria é Costa da Morte

Dumbria localízase no **Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía**, a uns setenta quilómetros de Santiago. Está enmarcado dentro do xeodestino Costa da Morte e pertence á provincia da Coruña.

Son sete as parroquias que integran o Concello de Dumbria: **Santiago de Berdeogas, San Pedro de Buxantes, Santa Baia de Dumbria, Santa Uxía do Ézaro, San Martiño de Olveira, Santiago de Olveiroa e San Mamede de Salgueiros.**

Os ríos Castro e Xallas-Ézaro son os que marcan o carácter do municipio. Unha combinación perfecta de ingredientes costa e interior son os que definen ao Concello de Dumbria, cuxa extensión ocupa 125 km².



natureza

Unha paraxe perfecta froito desa combinación de doce e salgado, de terra e mar, de montaña e praia... Esta singularidade é a que permite que unha especie botánica insólita, o **"carballo anano"**, estea localizado nestas terras a excepción do resto de Galicia.

Esta riqueza de ríos, de vales, de montañas e de mar son as que ofrecen unha gran diversidade de flora e fauna; formando parte do **LIC Carnota-Monte Pindo, integrada en Rede Natura 2000 e declarada ZEPVN.**

Inesquecibles serán os teus recordos tras visitar estas terras e tras vivir un solpor dende o **Miradoiro do Ézaro** ou dende o **Monte Pindo**. Ademais, no **Centro de Interpretación de Rutas (CIR) Monte Pindo e Fervenza do Ézaro** poderás investigar máis sobre este **Olimpo Celta.**

A auga forma parte do ADN desta terra, a súa espectacular fervenza, **Fervenza do Ézaro**, sorprende a quen a visita. É un lugar máxico impregnado de lendas. Un río cuxo tramo final non pode ser máis sorprendente, un salto de auga de máis de 40m para logo fundirse co mar. **Todo un agasallo da natureza para gozar tanto de día como nas noites de Semana Santa e verán, acompañado de música e iluminación.**

O granito forma parte do noso carácter. Así o demostra o carácter caprichoso da natureza á hora de crear esculturas que retan ao vento mentres manteñen un perfecto equilibrio; como a **Pedra do Brazal.**

A **Carballeira de Berdeogas** é onde seguramente viven seres mitolóxicos, un lugar natural onde gozar da súa tranquilidade. Pode ser que atopas algún trasno...

#DumbriéNatureza




deporte

O **ciclismo** marcou un antes e un despois en toda a comarca. Un diamante en bruto érao a subida ao **Miradoiro do Ézaro**, con rampas de ata un 30%. Así o experimentaron os ciclistas profesionais de **La Vuelta en 2012, 2013, 2016 e 2020.** De aí xurdiu outro evento para os amantes das bicis, o **Gran Fondo Ézaro**, agora xa enmarcado nas **UCI Gran Fondo World Series.**

Outros eventos non menos importantes son as **BTT**, as rutas de **sendeirismo**, as carreiras populares, o **Open Internacional de Pesca a Mosca por Parelles Río Xallas**, os torneos de **fútbol**, os campionatos de **salvamento e socorrismo**, os de **balonvolea e voleibol na praia**, a **Subida a Dumbria de rally** e os campionatos de **piragüismo...** Unha infinidade de eventos porque Dumbria é deporte!

#DumbriéDeporte



camiño

Cóntase que en Fisterra estaba o **Ara Solis**, un altar ao sol construído polos pobos que habitaron estas terras antes da chegada dos romanos.

Os peregrinos entran en terras dumbriasas cruzando a **ponte da Ponte Olveira** (s.XVII-XVIII), escenario das batallas napoleónicas. Continúan cara a aldea de Olveiroa, cuxo trazado medieval vese reflectido nas súas rúas e construcións. Un verdadeiro remanso de paz onde o peregrino poderá repoñer forzas para afrontar unha nova xornada do camiño tras descansar no **albergue de peregrinos.**

Unha nova etapa do camiño atravesará o **Territorio Vákner**; morada do monstro que devoraba peregrinos. Esta etapa parte de Olveiroa para subir ao Monte Sino dirección ao **Logoso**; unha pequena aldea á sombra do seu castro. O peregrino continúa cara **Hospital**, nome herdado pola existencia dun antigo hospital de peregrinos neste lugar e que tamén foi destruído polas tropas napoleónicas. Hoxe en día conta cun **Punto de Información ao Peregrino** para orientalos no seu camiño. Chegados a este punto, o camiño bifúrcase e o peregrino terá que tomar a decisión de cara onde dirixirse: **Fisterra ou Muxía.**

Se escolle ir dirección Fisterra atoparase co **petróglifo de Pedra Ancha**, co cruceiro **Marco do Couto**, o **Santuario da Virxe das Neves** e quen sabe se tamén co **Vákner...**

Pero se decide ir cara Muxía, descubrirá magníficos lugares e poderá recargar pilas para unha nova xornada nas modernas instalacións do **albergue de peregrinos** de Dumbria. Pode que incluso o **Vákner** ande eses días por aí...

#DumbriéCamiño



festa

O Concello de Dumbria, como rexión galega que é, pode presumir de ter un gran abano de festas. Festas patronais en cada unha das parroquias do municipio e festas de interese turístico como son: o **"Entroido de Dumbria"** famoso en toda a comarca, a **"Festa da Familia"** que consiste nunha romaría familiar con comida campestre nun lugar tan idílico como o é a Carballeira de Berdeogas e a **"Festa da Praia"** que combina o deporte e a tradición nun entorno familiar na praia. E ti, valo perder?

#DumbriéFesta



TERRITORIO VÁKNER


UN MONSTRO DO MEDIEVO NO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA.

Estades a piques de introducirvos nun territorio mítico e descoñecido, nun mundo de lenda e misterio. Un bispo, un monstro e as enigmáticas terras de Dumbria.



Simbología

- Camiño de Santiago
- Albergue Peregrinos
- Casa Rural / Pensión
- Restaurante
- Punto de información
- Aula da Natureza
- Centro de interpretación de Rutas do Monte Pindo
- Cemiterio de Dumbría
- Igrexa / Santuario
- Pazo
- Castelo / Torre
- Ponte
- Conxunto Histórico
- Hórreo
- O VÁKNER
- Lonxa Fisterra
- Castro
- Petrólifo
- Dolmen
- Muíño
- Faro
- Paisaxe
- Praia
- Fervenza / Encoro
- Marco do Couto
- Cidades Mergulladas
- Pedras Máxicas
- Lendas
- Naufraxios



Teléfonos de Interese

Casa do Concello	981 744 001
Centro Médico	981 744 129
Farmacia (Dumbría)	981 706 680
Farmacia (Ézaro)	981 712 665
Hospital Cee	981 706 010
Garda Civil	981 745 424
Protección Civil	981 744 001

Albergue de Peregrinos

DUMBRÍA >	981 744 001
OLVEIROA >	658 045 242
Oficina de turismo	turismodumbría@gmail.com
	662 346 927

+info dumbría

COMER, DURMIR, FESTAS, EVENTOS, PATRIMONIO, RUTAS, CAMIÑO DE SANTIAGO, FERVENZA DO ÉZARO, MONTE PINDO...

